

## INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO

*Corrección de erros.-Resolución do 16 de novembro de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan dez bolsas de formación e especialización en materia de vivenda.*

Advertido un erro na devandita resolución, publicada no *Diario Oficial de Galicia* número 231, do mércores 1 de decembro de 2010, cómpre facer a seguinte corrección:

Na páxina 19.832, antes da sinatura debe incluírse: «(P.D. Resolución do 23-6-2010)».

## IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

### CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*Orde do 23 de novembro de 2010 pola que se convoca concurso de méritos para cubrir postos nos equipos de orientación específicos.*

O Decreto 120/1998, do 23 de abril (DOG do 27 de abril), regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia e dispón, no seu artigo 2º, a creación de equipos de orientación específicos.

O perfil profesional das/os candidatos e das candidatas para desempeñar postos nestes equipos vén determinado polo artigo 5º do citado decreto, e debe responder ao dun profesional con formación e experiencia que lle permita desenvolver as funcións establecidas no artigo 18º da Orde do 24 de xullo de 1998 (DOG do 31 de xullo), pola que se establece a organización e o funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998.

Debido á existencia de prazas definitivas vacantes no cadro de persoal dos equipos de orientación específicos, cómpre proceder a realizar a súa oferta pública.

En consecuencia, e en uso da autorización que figura na disposición derradeira primeira do Decreto 120/1998, esta consellería

#### DISPÓN:

##### Artigo 1º.-*Obxecto.*

Convócase concurso público de méritos para cubrir as prazas dos equipos de orientación específicos, así como as posibles resultas, que se relacionan no anexo I desta orde.

##### Artigo 2º.-*Concursantes.*

1. Poderán participar neste concurso o persoal funcionario de carreira do corpo de profesorado de ensino secundario, con destino nos equipos de orientación específicos ou en centros públicos dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, que reúnan na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes os requisitos xerais e específicos fixados nos artigos 3º e 4º desta orde.

2. Á praza de audición e linguaxe e ás posibles resultas desta especialidade poderá acceder o persoal funcionario de carreira do corpo de mestres, que posúa a especialidade de audición e linguaxe ou estea habilitado nesta.

##### Artigo 3º.-*Requisitos xerais.*

1. Encontrarse en situación de servizo activo, ou servizos especiais, ou excedente por coidado de fillas, fillos e familiares, con destino definitivo ou provisional nos equipos de orientación específicos ou en centros públicos dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, sempre que, transcorresen ao remate deste curso académico, polo menos, dous anos desde a toma de posesión do último destino definitivo.

2. Enténdese tamén estar en servizo activo na Comunidade Autónoma de Galicia en 31 de agosto de 2011, aquelas/aqueles docentes que, desde un destino definitivo na Comunidade Autónoma de Galicia, accederon a un posto docente no estranxeiro e que deben incorporarse obrigatoriamente a esta comunidade no próximo curso académico.

3. Contar cun mínimo de tres anos de experiencia nunha praza directamente relacionada co posto ao que se aspira (orientación educativa).

4. Tanto para os efectos do disposto nos puntos anteriores deste artigo como para a determinación das puntuacións de antigüidade que figuran no baremo recollido no anexo III, entenderase como data de finalización para os cálculos o 31 de agosto de 2011. No relativo aos demais méritos que figuran nese baremo, deberanse reunir na data en que finaliza o prazo de presentación a esta convocatoria, que se establece no punto 1 do artigo 7º desta orde.

5. Presentar o proxecto a que se fai referencia no artigo 5º.2 c).

##### Artigo 4º.-*Requisitos específicos.*

Poderá solicitar as prazas ofertadas o persoal funcionario de carreira docente no corpo de catedráticos e do corpo de profesorado de ensino secundario da especialidade de orientación educativa. Así mesmo, deberán acreditar a formación que lles permita desenvolver as actividades propias da praza solicitada, tal como establece o punto 2 do artigo 5º do Decreto 120/1998.

##### Artigo 5º.-*Instancias e documentación.*

##### 1. Instancias:

a) As persoas participantes no concurso deberán presentar a súa solicitude mediante instancia axus-

tada ao modelo que se publica no anexo II desta convocatoria indicando a orde de preferencia das prazas a que concorre.

b) A citada instancia, así como a documentación a que se alude no punto 2 deste artigo, poderá presentarse no rexistro xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (edificio administrativo de San Caetano, 15781 Santiago de Compostela), nos rexistros dos departamentos territoriais da consellería ou en calquera das dependencias que sinala o artigo 38º.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

No caso de que se presente a solicitude nunha oficina de correos, farase en sobre aberto, para que sexa datada e selada pola/o funcionaria/o de correos antes de ser certificada.

2. Á instancia xuntaráse a seguinte documentación:

a) Folla de alegacións e autobaremación, axustada ao modelo que se publica no anexo IV desta convocatoria.

b) Documentación a que se refire o anexo III desta convocatoria, para acreditar todos os servizos e méritos alegados, así como unha relación numerada, datada e asinada, dos documentos presentados seguindo a orde que aparece no citado anexo. Aquellos méritos alegados e non xustificadas documentalmente non serán tidos en conta, agás que se tivesen presentado para completar o seu expediente persoal na aplicación informática a través do enderezo [www.edu.xunta.es/datospersoais](http://www.edu.xunta.es/datospersoais).

c) Proxecto de traballo en relación á praza solicitada, cunha extensión máxima de 20 páxinas, tamaño folio, formato DIN-A4, a unha soa cara, a dobre espazo e letra, tipo Arial, a 12 puntos sen comprimir. O proxecto deberá incluír os seguintes puntos: xustificación baseada no contexto, obxectivos, planificación xeral e definición de accións prioritarias, estratexias de intervención e criterios de avaliación.

Na valoración dos proxectos terase en conta o carácter innovador na súa formulación, así como a capacidade para organizar, orientar e dar resposta ás situacións que se poidan atopar no desenvolvemento das funcións xerais e específicas asignadas aos ditos equipos.

No caso de optar a prazas con perfís diferentes, presentaranse os proxectos da especialidade que correspondan.

Os membros dos equipos de orientación específica que concursen a unha praza da mesma especialidade que ocupen actualmente, quedarán exentos da presentación do proxecto de traballo se se acollen á puntuación que lle foi outorgada neste no momento en que foron seleccionados.

A puntuación neste concurso calcularase en proporción ás puntuacións máximas do proxecto nos dous concursos.

#### Artigo 6º.-*Praza de presentación.*

1. O prazo de presentación de instancias e documentación, incluído o proxecto de traballo sinalado no artigo 5º.2 c), será de 20 días hábiles, computados a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

2. Os méritos alegados fóra do prazo de presentación das solicitudes non se terán en conta nin serán valorados.

#### Artigo 7º.-*Comisión de selección.*

1. Este concurso será resolto por unha comisión de selección integrada polos seguintes membros:

a) Presidente: o director xeral de Centros e Recursos Humanos, ou persoa en quen delegue.

b) Vogais:

-Un subdirector xeral.

-Dous membros da Inspección educativa da especialidade ou coa titulación específica de orientación educativa.

-Un membro dos equipos de orientación específicos.

c) Secretaria/o: unha/un funcionaria/o da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria que actuará con voz e sen voto.

Cada un dos sindicatos da mesa sectorial docente poderá nomear un representante para asistir ás sesións da comisión, con voz e sen voto. Para tal fin, coa debida antelación, deberáse comunicar o nome da persoa representante ao presidente da comisión de selección.

2. Os membros da comisión e da subcomisión estarán suxeitos ás causas de abstención e recusación establecidas nos artigos 28º e 29º da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e terán dereito a percibir asistencias e axudas de custo por concorreren ás sesións, conforme o Decreto 144/2001, do 7 de xuño, DOG do 25, modificado polo Decreto 144/2008, do 26 de xuño (DOG do 18 de xullo) estando cualificadas na categoría primeira establecida no artigo 25º desa norma.

#### Artigo 8º.-*Selección.*

1. Para baremar o proxecto de traballo a que se fai referencia no artigo 5º c) desta orde, a comisión de selección poderá decidir que as persoas aspirantes sexan convocadas a unha entrevista para mellor apreciar as circunstancias que neles concorren, e que versará sobre o proxecto presentado e as funcións que van desempeñar no posto a que aspiran. A comisión de selección poderá decidir que se realice a entrevista en todas ou para algunha das prazas convocadas. Cando se efectúe entrevista para algunha das prazas, esta realizarase a todo o persoal que concursa a ela.

2. A comisión fará públicas as puntuacións provisionais asignadas a cada un dos aspirantes, como

resultado da aplicación do baremo que figura no anexo III. Estas listas publicaranse nos taboleiros de anuncios da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e dos departamentos territoriais, así como no enderezo electrónico:

<http://www.edu.xunta.es/persoal/concursos>

3. As persoas aspirantes poderán presentar as alegacións contra a lista provisional que coiden convenientes, dirixidas ao presidente da comisión de selección establecida no artigo 7º, no prazo de dez días naturais contados a partir do seguinte ao da súa publicación, por calquera dos procedementos recollidos no artigo 5º.1 b) desta orde.

4. Unha vez estudadas e resoltas as alegacións presentadas, a comisión publicará a lista definitiva das puntuacións nas epígrafes de méritos e proxecto de traballo, nos taboleiros de anuncios dos servizos centrais e dos departamentos territoriais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

5. No caso de producirse empates no total das puntuacións outorgadas, estes resolveranse atendendo, sucesivamente e por esta orde á maior puntuación nas epígrafes 6, 1, 2 e 5 dese baremo.

**Artigo 9º.-Proposta de nomeamento.**

1. A relación provisional cos concursantes seleccionados farase pública nos taboleiros de anuncios dos servizos centrais e dos departamentos territoriais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Establecerase un prazo de dez días naturais, contados a partir da data de publicación, para que as persoas interesadas poidan efectuar as posibles reclamacións ou renuncias ás prazas adxudicadas provisionalmente, que se dirixirán ao presidente da comisión de selección.

2. Unha vez resoltas as reclamacións e admitidas as posibles renuncias, a comisión remitiralle ao conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria a proposta de resolución desta convocatoria, xunto coa acta definitiva coa expresión das valoracións outorgadas a cada unha das persoas candidatas, así como a relación final coas persoas seleccionadas.

**Artigo 10º.-Resolución da convocatoria.**

1. Unha vez realizado todo o proceso anterior, a comisión de selección proporalle ao conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria a adxudicación das prazas, que serán obxecto de publicación no *Diario Oficial de Galicia*, e pola que se entenderán notificados/as, para todos os efectos, as/os concursantes ás/aos cales lles afecte. As solicitudes consideraranse desestimadas de non resolverse expresamente esta convocatoria no prazo de seis meses, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde.

Contra esa resolución, que esgotará a vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa

publicación no DOG, segundo o disposto nos artigos 116º e 117º da Lei 4/1999 (BOE do 14 de xaneiro) de modificación da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

2. As prazas adxudicadas serán con carácter definitivo, polo que as persoas seleccionadas se deberán incorporar con data do 1 de setembro de 2011, cesando no seu destino de procedencia o 31 de agosto dese ano.

**Artigo 11º.-Cobertura provisional de prazas.**

As persoas que obteñan a puntuación mínima no proxecto de traballo e non resulten seleccionadas poderán ser chamadas, por orde de puntuación, para cubrir provisionalmente prazas que queden definitiva ou temporalmente vacantes nos equipos de orientación específicos. Neste caso, desempeñarán a praza en réxime de comisión de servizos, ata a súa provisión definitiva ou ata a reincorporación do seu titular.

Elaborarase unha lista de persoas aspirantes por especialidade.

**Artigo 12º.-Devolución da documentación presentada.**

As persoas interesadas, ou os seus representantes legais, poderán retirar a documentación achegada para acreditar os méritos alegados, unha vez transcorridos tres meses desde a publicación da resolución definitiva desta convocatoria, e deberán presentarlle a correspondente solicitude ao presidente da comisión de selección.

#### *Disposicións derradeiras*

Primeira.-Autorízase a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos para ditar as disposicións que sexan necesarias para a aplicación e o desenvolvemento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 23 de novembro de 2010.

Jesús Vázquez Abad  
Conselleiro de Educación  
e Ordenación Universitaria

#### *ANEXO I*

##### **Prazas nos equipos de orientación específicos**

Preferencia	Especialidade	Equipo específico	Nº de prazas
	Trastornos de conduta	EOE A Coruña	1
	Sobredotación intelectual	EOE Lugo	1
	Audición e linguaxe	Lugo	1
	Trastornos xeneralizados do desenvolvemento	EOE Ourense	1
	Trastornos xeneralizados do desenvolvemento	EOE Pontevedra	1

#### **Resultas**

Especialidade	Equipo específico	Nº de prazas
Todas as especialidades	A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra	Resultas que se produzan

## ANEXO II

Solicitude de participación no concurso de méritos para cubrir prazas nos equipos de orientación específicos			
DATOS DA/O SOLICITANTE			
APELIDOS:	NOME:	NIF:	
ENDEREZO PARTICULAR:		LOCALIDADE	
CONCELLO:	PROVINCIA:	CP:	TLF. (para recibir SMS)

DATOS PROFESIONAIS			
Nº REXISTRO PERSOAL:	CORREO ELECTRÓNICO:		@edu.xunta.es
PERTENCENTE AO CORPO DE:		DATA DE INGRESO NO CORPO:	
CÓDIGO DO CENTRO DE TRABALLO (8 díxitos):			TLF.:

ORDE DE PREFERENCIA	ESPECIALIDADE	EQUIPO DE ORIENTACIÓN ESPECÍFICO

SOLICITA TOMAR PARTE NO CONCURSO DE MÉRITOS CONVOCADO POLA ORDE DO --- DE ----- DE 2010 E DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE SER CERTOS TODOS OS DATOS QUE SE INDICAN.

DATA E SINATURA DO SOLICITANTE:

EN \_\_\_\_\_, DE \_\_\_\_\_ DE 2010

## ANEXO III

## Baremo

Conceptos	Valoración	Documentos xustificativos
<b>I. Formación e perfeccionamento</b>		
<p>1.1. Actividades de formación superadas. Por actividades superadas que teñan por obxecto o perfeccionamento sobre aspectos científicos e didácticos das especialidades do corpo a que pertenza o participante, ás prazas ou postos a que opte ou relacionadas coa organización escolar ou coas tecnoloxías aplicadas á educación, organizadas polo Ministerio de Educación, as administracións educativas das comunidades autónomas, por institucións sen ánimo de lucro sempre que as devanditas actividades fosen homologadas ou recoñecidas polas administracións educativas, así como as organizadas polas universidades.</p> <p>Puntuaranse con 0,1000 puntos por cada 10 horas de actividades de formación acreditadas. Para estes efectos sumaranse as horas de todas as actividades e non se puntuarán o resto do número de horas inferiores a 10. Cando as actividades veñan expresadas en créditos, entenderase que cada crédito equivale a 10 horas.</p>	Ata 6,0000 puntos	Fotocopia compulsada do certificado destas expedido pola entidade organizadora en que conste de modo expreso o número de horas de duración da actividade. No caso das organizadas polas institucións sen ánimo de lucro deberase ademais acreditar fidedignamente o recoñecemento ou homologación das devanditas actividades pola Administración educativa correspondente, ou certificado de inscrición no rexistro de formación da Administración educativa.
<p>1.2. Pola impartición das actividades de formación e perfeccionamento indicado no subnúmero 1.1. Puntuaranse con 0,1000 puntos por cada 3 horas de actividade de formación acreditada. Con esta finalidade sumaranse as horas de todas as actividades, e non se puntuarán o resto do número de horas inferiores a 3. Cando as actividades veñan expresadas en créditos, entenderase que cada crédito equivale a 10 horas.</p>	Ata 3,0000 puntos.	Fotocopia compulsada do certificado ou documento acreditativo da impartición da actividade en que conste de modo expreso o número de horas de duración da actividade. No caso das organizadas polas institucións sen ánimo de lucro deberase ademais acreditar fidedignamente o recoñecemento ou homologación das ditas actividades pola Administración educativa correspondente ou certificado de inscrición no rexistro de formación da Administración educativa.
<p>1.3. Por cada especialidade de que sexa titular correspondente ao corpo polo que se concursa e distinta á de ingreso nel, adquirida a través do procedemento de adquisición de novas especialidades previstos nos reais decretos 850/1993, do 4 de xuño, 334/2004, do 27 de febreiro, e 276/2007, do 23 de febreiro. (Para os efectos desta subepígrafe, no caso dos corpos de catedráticos valoraranse as especialidades adquiridas no correspondente corpo de profesores).</p>	1,0000 punto.	Fotocopia compulsada da credencial de adquisición da nova especialidade expedida pola Administración educativa correspondente.
<p>2. Outros méritos formativos: (Actividades de formación do profesorado que deberán ser organizadas ou homologadas polas administracións educativas ou as universidades).</p>		Fotocopias compulsadas das certificacións acreditativas.
<p>2.1. Actividades relacionadas coa orientación educativa ou coa atención á diversidade.</p>	0,10 por cada 10 horas Ata 2,0000 puntos	
<p>2.2. Actividades relacionadas coas estratexias de intervención, organización e dinámica de grupos, coas tecnoloxías da información e da comunicación, ou con aspectos curriculares, metodolóxicos e de avaliación.</p>	Ata 1,0000 punto	
<p>3. Publicacións:</p> <p>3.1. Por publicacións de carácter didáctico e científico sobre disciplinas obxecto do concurso ou directamente relacionadas con aspectos xerais do currículo ou coa organización escolar. Aqueles publicacións que, estando obrigadas a consignar o ISBN en virtude do disposto polo Decreto 2984/1972, do 2 de novembro, modificado polo Real decreto 2063/2008, do 12 de decembro ou, se é o caso, ISSN ou ISMN, carezan deles, non serán valoradas, así como aquelas en que o autor sexa o seu editor. Para a valoración destas publicacións deberán presentar os documentos xustificativos indicados nesta subepígrafe coas exigencias que así se indican. Puntuación específica asignable aos méritos baremables por esta epígrafe:</p> <p>a) Libros nos seus distintos formatos (papel ou electrónico): -Autor ..... ata 1,0000 puntos. -Coautor ..... ata 0,5000 puntos. -3 autores ..... ata 0,4000 puntos. -4 autores ..... ata 0,3000 puntos. -5 autores ..... ata 0,2000 puntos. -Máis de 5 autores ..... ata 0,1000 puntos.</p> <p>b) Revistas nos seus distintos formatos (papel ou electrónico): -Autor ..... ata 0,2000 puntos. -Coautor ..... ata 0,1000 puntos. -3 ou máis autores ..... ata 0,0500 puntos.</p>	Máximo 3,0000 puntos	<p>-No caso de libros, a seguinte documentación: *Os exemplares correspondentes. *Certificado da editorial onde conste: título do libro, autor/es, ISBN, depósito legal e data da primeira edición, o número de exemplares e que a difusión destes foi en librarías comerciais. En relación cos libros editados por administracións públicas e universidades (públicas-privadas) que non se difundiron en librarías comerciais, ademais dos datos anteriores, no certificado deben constar os centros de difusión (centros educativos, centros de profesores, institucións culturais, etc.). Nos supostos en que a editorial ou asociación desaparecesen, os datos requiridos neste certificado deberán xustificarse por calquera medio de proba admisible en dereito.</p> <p>-No caso de revistas, a seguinte documentación: *Os exemplares correspondentes. *Certificado en que conste: o número de exemplares, lugares de distribución e venda, ou asociación científica ou didáctica, legalmente constituída, a que pertence a revista, título da publicación, autor/es, ISSN ou ISMN, depósito legal e data de edición. En relación coas revistas editadas por administracións públicas e universidades (públicas-privadas) que non se difundiron en establecementos comerciais, ademais dos datos anteriores, no certificado deben constar os centros de difusión (centros educativos, centros de profesores, institucións culturais, etc.).</p> <p>-No caso de documentos en formato electrónico, para seren valorados deberán ir acompañados por un informe no cal o organismo emisor certifique en que base de datos bibliográfica aparece a publicación. Neste documento indicaranse, ademais, os seguintes datos: o título da publicación, autor/es, data da publicación e depósito legal.</p>
<p>4. Méritos académicos: Para os efectos da súa valoración por esta epígrafe, unicamente se terán en conta os títulos universitarios oficiais con validez no Estado español.</p>	Máximo 3,0000 puntos	
<p>4.1. Doutoramento, posgraos e premios extraordinarios: 4.1.1. Por posuír o título de doutor (1 punto por cada título).</p>	Máximo 2,0000 puntos	Fotocopia compulsada do título ou certificación do aboamento dos dereitos de expedición do título ou certificado supletorio da titulación expedida de acordo co previsto, no seu caso, na Orde do 8 de xullo de 1988 (BOE do 13 de xullo) ou na Orde do 13 de agosto de 2007 (BOE do 21 de agosto) ou no Real decreto 1002/2010, do 5 de agosto, sobre expedición de títulos universitarios oficiais (BOE do 6 de agosto).
<p>4.1.2. Polo título universitario oficial de máster distinto do requirido para o ingreso á función pública docente, para cuxa obtención se exixan, polo menos, 60 créditos:</p>	1,0000 puntos	A mesma documentación xustificativa que se indica para xustificar os méritos da subepígrafe 4.1.1.

Conceptos	Valoración	Documentos xustificativos
4.1.3. Polo recoñecemento de suficiencia investigadora ou o certificado-diploma acreditativo de estudos avanzados. Este mérito só se valorará cando non se alegue a posesión do título de doutor.	0,1000 puntos	Fotocopia compulsada do certificado-diploma correspondente.
4.2. Outras titulacións universitarias: As titulacións universitarias de carácter oficial, no caso de que non fosen as exixidas con carácter xeral para o ingreso no corpo desde o que se participa, valoraranse da forma seguinte:		
4.2.1. Titulacións de grao:		A mesma documentación xustificativa que se indica para xustificar os méritos da subepígrafe 3.1.1
4.2.2. Titulacións de primeiro ciclo: Pola segunda e restantes diplomaturas, enxeñaría técnica, arquitecturas técnicas ou títulos declarados legalmente equivalentes e polos estudos correspondentes ao primeiro ciclo dunha licenciatura, arquitectura ou enxeñaría:  No caso de persoal funcionario docente do subgrupo A2, non se valorará por esta epígrafe, en ningún caso, o primeiro título ou estudos desta natureza que se presente.  No caso de persoal funcionario docente do subgrupo A1, non se valorarán por esta epígrafe, en ningún caso, o título ou estudos desta natureza que sexan necesarios superar para a obtención do primeiro título de licenciado, enxeñeiro ou arquitecto que se presente.  Non se valorarán os primeiros ciclos que permitisen a obtención doutras titulacións académicas de ciclo longo que se aleguen como méritos.	0,25000 puntos	Fotocopia compulsada de todos os títulos que se posúan ou certificado do aboamento dos dereitos de expedición expedida de acordo co previsto na Orde do 8 de xullo de 1988 (BOE do 13 de xullo).  Para a valoración dos estudos correspondentes ao primeiro ciclo dunha licenciatura, arquitectura ou enxeñaría, certificación académica onde conste de forma expresa que se superaron todas as materias ou créditos conducentes para a obtención dos ditos título ou ciclos.
4.2.3. Titulacións de segundo ciclo: Polos estudos correspondentes ao segundo ciclo de licenciaturas, enxeñaría, arquitecturas ou títulos declarados legalmente equivalentes:  No caso de persoal funcionario docente do subgrupo A1, non se valorarán por esta epígrafe, en ningún caso, os estudos desta natureza que sexan necesarios superar (primeiro ciclo, segundo ciclo ou, se é o caso, ensinanzas complementarias), para a obtención do primeiro título de licenciado, enxeñeiro ou arquitecto que se presente.  As titulacións de só segundo ciclo e os títulos declarados equivalentes para todos os efectos ao título universitario de licenciado, unicamente se valorarán como un segundo ciclo.	0,50000 puntos	
5. Antigüidade:		
5.1. Cada ano de servizo como funcionaria/funcionario de carreira (non se computarán os exixidos como requisito). (0,2 puntos por ano)	Máximo 3,0000 puntos	
5.2. Cada ano de servizo nunha praza directamente relacionada coa orientación. (0,2 puntos por ano)	Máximo 1,0000 puntos	
5.3. Por cada ano de servizo no EOE. (0,5 puntos por ano)	Máximo 2,0000 puntos	
6. Proxecto de traballo en relación coa praza solicitada e, se é o caso, entrevista. (Puntuación mínima exixida: 5 puntos)	10,0000 puntos	Proxecto segundo as especificacións establecidas no artigo 5º.2

## ANEXO IV

## Folla de autobaremação

Conceptos	Denominación	Nº de horas	Total puntos
1. Formación e perfeccionamento: 1.1. Actividades de formación superadas. 1.2. Pola impartición das actividades de formación e perfeccionamento indicado na subepígrafe 1.1. 1.3. Por cada especialidade da que sexa titular.			
2. Outros méritos formativos: 2.1. Actividades relacionadas coa orientación educativa ou coa atención á diversidade. 2.2. Actividades relacionadas coas estratexias de intervención, organización e dinámica de grupos, coas tecnoloxías da información e da comunicación, ou con aspectos curriculares, metodolóxicos e de avaliación.			
3. Publicacións: 3.1. Publicacións de carácter didáctico e científico obxecto do concurso.			
4. Méritos académicos: 4.1.1. Título de doutor. 4.1.2. Título universitario oficial de máster. 4.1.3. Suficiencia investigadora. 4.2. Outras titulacións 4.2.1. Título de grao. 4.2.2. Titulacións de primeiro ciclo. 4.2.3. Titulacións de segundo ciclo.			
5. Antigüidade: 5.1. Anos de servizo como funcionario de carreira. 5.2. Anos de servizo nunha praza directamente relacionada coa orientación. 5.3. Anos de servizo no EOE.			